

ID#558

Neaño - Cesullas - Cabana de Bergantiños, 1980

Informante: Manuel (52)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Unha noite de inverno
máis oscura que a boca do inferno
camiño da devesa pasaniño
có meu pan da moca ó brazo,
<có meu bastón>
Por medo de eu apañar algún trompazo
eu iba á casa de Pedro de Ghorriña
onde todas as mozas da Coutada
se xuntaron alí á noite para a fiada
Alí estaba Mincucha Rãfaela,
Rosa de Corondán,
Pepa d'Ajoto,
a neta de Xacobo do Miñoto
e mai-la miña Sabela
Estando eu sentado coa miña Sabela
Entráronme para dentro
tres homes, tres minicreques.
Naquel tempo había unha candelexa de ghas.
E os rapaces pegharonll' un soplo
a candelexa
pa comenar unha brincadeira con ela
<coa miña moza>
E veño eu e saquei a caixa dos
fósferos meu home
e saquei un fósferos súpitemente
e vexo todo aquilo
nun rebumbio espaxada
polo chan a xente
pesquei o meu pau da moca
e cárgholle catro paus ó xeito
ó tío que me paghou a candelexa
debo a min debeu quedar dreito-ho
Inda debo os ceos que lle eu dera
se eu alí ó punto a miña rapaciña
non tuvera
¿Non te acordas nena?
Ben me acordo ho, ben
daquel día no muiño que tiña
unha porta vella,
tapábase cuns salgheiros postos
en dúas fileiras.



Un reghato funca entre eles
nun morado porque apertan
e retórcese no cubo por poder
fuxir as veighas.
Marica moza garrida
blanca coma a neve mesma.
Está sentada no muiño
co fuso ghindando a beira
á roca,
a roca chincando ó peito, o fuso
ghindando a beira.
Nistante oise bater a porta
pum, pum
Erghe Marica a cabeza,
esperdizandose toda coma se alghén
lle fixera coxeghas polas costelas.
-son o mensmo nena ¿non me abres?
-Vaite quentar á lareira, ho
-Pois logho adios, inda estoupes rapaza.
-E logho vaste?
-As carreiras
Marcha Bras cantando atruxos
E pasando polas veighas
Erghesevos ela, a moza, e ven abrir
mui depresa.
Entra para dentro Blas.
Se non ves a facer burla eche boa,
Non afellas, eh,
¡Ai Marica! o que es ti non
sendo outra.
Se outra nena a min non me atenta.
Catados xa os dous xuntos,
¡Meu amigho! fora a alma
Macho e femia.
Despois dun pouco palique
Comenzóu a brincadeira.
-Tate quieto Bras ¡Dios diante!
¡Ai que demonio das lérias!
Ti sei que ves relomado chaval,
Que che mordo unha orella, eh.
-Condenada que me rompe-la
Chaqueta, boba, deixa.
Esta copla que a Marica cando
a escoita arrabea:
Cando o ghalo bate as alas no alto
da capoeira e di:

ID#558



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

“Fixéchela boa”

Marcha Bras cantando aturuxos
e pasando polas veigas.
e contéstalle ela:

¿E despois que, neno?

-Antes de pasa-lo río, rapaza,

Deiche un bico e unha aperta.

E despois que me pasaches
un corno por ser tan besta.